

Convocatoria da sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación do luns 17 de marzo de 2025

CONSIDERANDO que o Pleno ordinario é o 27/03/2025, e que o prazo de presentación das axudas de acordo a Orden TED/388/2023, de 29 de marzo, polo que se aproban as bases reguladoras do programa de axudas para proxectos singulares de renovación das instalacións de alumeado exterior municipal, Proxectos Singulares Alumeado Municipais, publicadas no BOE número 95 de 21 de abril de 2023 polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, que rematan o 20/03/2025, polo que é necesario a aprobación do expediente,

E en aplicación do previsto nos artigos 79 e 80 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e en uso das competencias que me atribúe o artigo 21,1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

1. CONVOCAR unha sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación.

Data: luns 17 de marzo de 2025
Hora: 20:00
Lugar: SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

ORDE DO DÍA:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA
2. SOLICITUDE AXUDA PARA PROXECTOS SINGULARES DE RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR IDAE
2. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros do Pleno, remitíndolles unha copia das actas e dos expedientes que conforman a orde do día, **facéndolles saber que, de conformidade co disposto no artigo 14.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para desenvolveren a súa función, e singularmente das que terán que servir de antecedente para as decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que lles sexa facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.**
3. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.

